

Festa do Galo Piñeiro

O Pino honra a súa raza de galo autóctona, celta e supervivente

Esta ave ten unha crianza lenta que se traduce nunha carne moi saborosa e con pouca graxa

Iker Cotón

O Pino vístese de gala esta fin de semana para gozar dunhas das súas festas máis emblemáticas. Entre o sábado e o domingo celebráranse de xeito simultáneo a Festa do Galo Piñeiro e a mostra cabalar, en dúas xornadas repletas de actividades para todos os públicos.

O protagonista da celebración é o galo piñeiro. Este animal, tan vinculado ao concello do Pino, é unha das razas aviares máis singulares de Galicia. Trátase dunha ave criada tradicionalmente nas explotacións familiares, en liberdade, alimentándose de cereais, herba, insectos e outros recursos naturais. Este sistema de cría foi o que

marcou as súas características e diferenciouna doutras razas aviares máis comúns.

O galo oriúndo do Pino presenta unha aparencia elegante e inconfundible de extremo a extremo pola súa crista en noz e unha cola alongada. É considerado unha especie semipesada polo seu corpo alongado e musculoso que presenta unha plumaxe irregular. Existen exemplares negros, leonados, perdices ou con combinacións de varias cores.

Crese que foron os celtas os primeiros en introducir esta especie en Galicia, facéndoo combater en peles de galos.

Actualmente é moi prezado polo valor gastronómico da súa carne. O bo faise esperar, xa que esta raza avícola necesita varios meses para acadar a madurez, fronte ás poucas semanas dos polos industriais. Esta crianza lenta tradúcese nunha carne máis firme, cun menor contido en graxa e de sabor máis intenso, moi axeitada para guisos e preparacións tradi-



Un exemplar de galo piñeiro.

cionais. Foron estas características culinarias as que asociaron esta carne a celebracións familiares, Nadal ou festas patronais.

Ao bordo da desaparición

Durante a segunda metade do século XX, a chegada de razas comerciais provocou un forte descenso no nú-

mero de exemplares de galo piñeiro. As aves industriais medraban antes, producían máis carne e resultaban máis rendibles economicamente, polo que moitas familias deixaron de lado a cría deste exemplar.

A recuperación do galo piñeiro chegou grazas ao traballo de criadores particulares e asociacións que impulsaron iniciativas de conservación para evitar que esta especie autóctona desaparecese.

Unha figura decisiva para esta tarefa foi o veterinario Jesús García Rodríguez, quen no ano 1998 comezou unha investigación baseada nas testemuñas dos veciños máis veteranos da zona. Logrou reunir exemplares das que eran coñecidas entón como 'galiñas do país' e creou o proxecto de recuperación desta especie xunto coa Asociación Galega para a Recuperación e Producción da Galiña Piñeira. ■

O Acivro
RESTAURANTE



MENÚ • CARTA • BANQUETES

A Rúa 28 - Arca Tlf: 646 413 898



XXV festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar O PINO

Sábado, 1 agosto

22.00 h. **Quimera**

A fraga tórnase máxica
Espectáculo de Pablo Méndez Performance

Domingo, 2 agosto

09.00 h. Mostra Cabalar. Todo o día

10.00 h. Festa do Galo Piñeiro

11.00 h. Feira Artesanía no Camiño

15.00 h. Xantar popular

20.30 h. Espectáculo ecuestre Santí Serra

• Declarada Festa de Interese Turístico de Galicia •

